



ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 16 de marzo de 2022.**

1. Apróbase a acta da sesión anterior, celebrada o día 9 de marzo de 2022.
2. Acórdase deixar sobre a mesa a solicitude de concesión da licenza de parcelación en finca situada en Monte – Mogor
3. Dase conta da Orde TMA/178/2022 do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urabana do 28 de febreiro de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de axudas para a rehabilitación de edificios de titularidade pública e a convocatoria para a presentación de solicitudes polo procedemento de concurrencia competitiva no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
4. Dase conta da Orde ICT/182/2022, do 10 de marzo de 2022, do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo (BOE nº 62 do 14 de marzo de 2022) pola que se amplía ata o 20 de abril de 2022 o prazo de presentación de solicitudes para as subvencións do Programa “Experiencias Turismo España”.
5. Acórdase deixar sobre a mesa a a solicitude de licenza de primeira ocupación para vivenda sita en Cernello 10-Sto. Tomé de Piñeiro.
6. Acórdase a declaración de estado de ruína do inmovible sito en Fuente del Este, nº 25.
7. Dase conta da Resolución do 7 de marzo de 2022, da Secretaría Xeral da Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade e se procede á súa convocatoria para o ano 2022.
8. Dase conta da Resolución do 10 de marzo de 2022 da Axencia de Turismo de Galicia pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concurrencia competitiva, de subvencións a proxectos de promoción e dinamización do Xacobeo 21-22 dentro do programa O teu Xacobeo, e se convocan para o ano 2022.
9. Rogos e preguntas.- Non se formulan

A ALCALDESA,

María Ramallo Vázquez.

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000B1CD500Y9K5Z7Z3C9N8 en https://sede.concellodemarin.es</p>	<p style="text-align: center;">FIRMANTE - FECHA</p> <p style="text-align: center;">MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 18/03/2022 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 18/03/2022 11:57:35</p>	<p>EXPEDIENTE : 2022SE001-034 Fecha: 11/03/2022 Hora: 14:07 Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	--	--

